



## QUE É A ATENCIÓN TEMPERÁ?

Pais, cuidadores e profesionais traballando en conxunto no coidado, desenvolvemento e autonomía dos nenos e nenas, para que poidan ter unha mellor vida.

## CANTO CUSTA?

A prestación do servizo é **gratuíta**, non supón contraprestación económica para as familias de Poio. Finánciase por parte de Política Social co Fondo Social Europeo.



626 24 52 24



sat.poio@cogami.gal



## SERVIZO ATENCIÓN TEMPERÁ DE POIO

## QUE ESPERAR DA ATENCIÓN TEMPERÁ

Realizaremos xuntos estes pasos:

- **Acollida:** onde expresar as preocupacións e expectativas da familia.
- **Valoración** de fortalezas e necesidades coa familia.
- **Plan personalizado de intervención:** que se realizará conxuntamente ca familia e que terá en conta prioridades e expectativas.

Tras a valoración, acordaremos conxuntamente cantas sesións precisa cada familia.

A evidencia científica indica que a verdadeira **intervención ocorre entre sesión e sesión**, onde o neno pode beneficiarse de máis tempo para practicar e aprender. Por este motivo **traballaremos conxuntamente**.



“ OS NENOS APRENDEN MELLOR DURANTE AS ACTIVIDADES COTIÁS ”



As aprendizaxes deben centrarse nos intereses e actividades cotiás dos nenos e das familias.

As intervencións poden realizarse no servizo de atención temperá, onde o neno se relaciona, na casa, na escola, no parque...



## QUE SE ESPERA DAS FAMILIAS

A atención temperá non é posible sen a **participación activa e o compromiso** das familias durante as sesións. Por iso precisamos da colaboración, responsabilidade e cumprimento, entre os que se atopan:

- Asistir puntualmente ás citas programadas e participar na intervención.
- Avisar ás profesionais con antelación cando non poidan acudir a unha cita programada para poder ser aproveitada por outro neno que tamén necesite atención temperá.

